

Hai seis anos que varios museos da cidade celebramos o DIM (Día Internacional dos Museos) conxuntamente. O Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea, a Fundación Eugenio Granell, o Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Museo Pedagóxico de Galicia, o Museo da Catedral e o Museo Casa de la Troia coordinámonos para ofrecer unha serie de actividades ao redor do día 18 de maio.

O lema do ICOM (Consello Internacional dos Museos) para o DIM2017, *Museos e historias controvertidas: dicir o indicible nos museos*, quere resaltar o papel das entidades museísticas como lugares para incentivar o diálogo e o

encontro. O museo é un lugar idóneo para atoparse con distintas áreas do coñecemento científico e das artes, pero tamén con diversos colectivos e persoas. Este encontro emotivo e intelectual estimula o respecto polas diferenzas e as alianzas entre grupos, pero para que se produza, os museos temos que facérmolos visibles aos ollos da cidadanía.

Emulando os carteis que indican a dirección a seguir para atopar lugares de interese, os Museos de Compostela construírán o seu propio indicador para sinalar e visibilizar, a pé de rúa, onde nos atopamos e a ampla programación que ofrecemos para todos os públicos.

18 DE MAIO

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

MUSEOS E HISTORIAS CONTROVERTIDAS:

DICIR O INDICIBLE NOS MUSEOS



Museo das peregrinacións e de Santiago
SEDE ADMINISTRATIVA: Rúa san Miguel, 4
881 867 315/316
SEDE EXPOSITIVA: Praza das Praterías, 2
15704-Santiago de Compostela
981 566 110
<http://museoperegrinacions.xunta.gal>
difusion.mdperegrinacions@xunta.gal
<https://www.facebook.com/museodasperegrinacion>



Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)
Rúa Ramón del Valle- Inclán 2
15703 Santiago de Compostela
981 546 602
<http://cgac.xunta.gal>
www.facebook.com/CGACSantiago
twitter: @cgac_santiago



Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval s/n
15704 Santiago de Compostela
981 583 620
www.museodopobo.gal
Facebook Museo do Pobo Galego
Twitter @MuseodoPobo



Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)
San Lázaro, 107
15781, Santiago de Compostela
981 540 155
www.edu.xunta.es/mupegal
museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es
<https://www.facebook.com/museopedagogicoegalicia/>



Fundación Eugenio Granell
Praza do Toural s/n
15705 Santiago de Compostela
981 572 124 / 981 576 394
www.fundacion-granell.org



Museo casa de la Troia
Rúa da Troia, 5
15705 Santiago de Compostela
981 585 159
www.lacasadelatroya.gal
visitas@lacasadelatroya.gal
<https://www.facebook.com/MuseoCasa delaTroia>



Museo Catedral de Santiago
Praza do Obradoiro s/n
15705, Santiago de Compostela
881 557 945
<http://www.catedraldesantiago.es>
deac@atedraldesantiago.es
<https://www.instagram.com/MuseoCatedralSC>
<https://es-es.facebook.com/MuseoCatedralSC>
<https://twitter.com/MuseoCatedralSC>



MUSEOS COMPOSTELA
DIM 17
Día Internacional dos Museos

Imaxe extraída da obra de Luis Seoane da Colección Museo de Belas Artes da Coruña



MUSEO DO POBO GALEGO

Exposición das pezas audiovisuais de Illa Bufarda Olladas sobre o Museo. Animación

Do martes 16 ao domingo 21 de maio/ No EspazoDEAC

Ao abrigo do lema do DIM 2017 recuperamos para as salas do museo, estas catro pezas de animación que se lle encargaron a Illa Bufarda dentro da proposta Olladas sobre o Museo. Animación. Esta ollada actualizada, ofrécenos novas visións sobre o arquitectónico, o paisaxístico, o económico e o social que o Museo abrangue, para devolvémola actualizada desde unha posición crítica e realista.

O Galaiquismo. A arquitectura da Galicia folclorista no NO-DO

Xoves 11 de maio/ Ás 20:00 h Conversa coa antropóloga Beatriz Busto

As Encrobas. 40 anos dunha loita histórica

Xoves 18 de maio/ Ás 20:00 h

Proxección do documental As encrobas. A ceo aberto Coloquio co director, Xosé Bocixa, con Nieves Herrero, antropóloga, e con veciñas das Encrobas.

CGAC

Exposición da obra O final, aquí (2003– 2008) do artista Jorge Barbi

Do martes 16 ao domingo 21 de maio/ De 11:00 a 20:00 h/ Actividade de balde.

En relación ao lema do DIM 2017 o CGAC rescata dos fondos da súa colección unha peza do artista galego Jorge Barbi que retrata lugares aparentemente comúns pero cunha gran carga histórica e dramática soterrada.

Visita guiada á arquitectura e á historia do CGAC

Mércores 17 e xoves 18 de maio/ Ás 12:00 h e ás 18:00 h/ Actividade de balde

O CGAC programa unha visita especial na que se fará un repaso a súa historia e ás súas claves arquitectónicas percorrendo desde o pórtico exterior ata a cuberta.

Concerto do Ciclo Música e arte. Correspondencias sonoras

Venres 19 de maio/ Ás 19:00 h/ Actividade de balde

Preséntase a nova edición do ciclo Música e Arte. Correspondencias sonoras no que, baixo o comisariado de Vertixe Sonora, compositores internacionais crean pezas musicais a partir das exposicións do CGAC. Nesta ocasión, o CGAC programa a estrea en España da nova obra do compositor galego Ramón Souto Catálogos de soplo, respiración

e asubío (ciclo Outra historia do vento), que estuda de xeito obsesivo e recorrente a difusión do aire.

Visitas guiadas en fin de semana

Sábado 20 de maio/ Ás 12:00 h/ Actividade de balde

O público poderá achegarse ao CGAC para gozar da mostra Exposicións críticas. Discursos críticos na arte española, 1975–1995 acompañado por unha mediadora especializada en arte

Talleres para familias. Aquí e agora. Marina Abramovic

Sábado 20 e domingo 21/ De 11:00 a 13:00h/ Actividade de balde (previa inscrición) Para familias con nenos e nenas de 4 a 9 anos; Prazo de inscrición: do 8 ao 19 de maio (cgac.educacion@xunta.gal)

Talleres para desfrutar da arte contemporánea en familia. Estes dous talleres estarán dedicados á artista Marina Abramovic, a súa relación co corpo e a acción.

MUSEO FUNDACION EUGENIO GRANELL

Xornada de Portas Abertas

Xoves 18, venres 19 e sábado 20/ Acceso ao museo de balde

Exposición da obra Totem de Eugenio Granell.

Foi realizada en 1954 e situada nun espazo de tránsito do Museo está relacionada co lema do Día Internacional dos Museos deste ano.

Visita Conservada. Outra forma de mirar

Xoves 18 /12:00– 13:00 h/ 18:00–19:00 h. Vernes 19/ 12:00–13:00 h **Prazas limitadas.** Punto de encontro vestíbulo do Museo. Visitas guiadas gratuítas para todos os públicos ao taller de restauración e almacéns para coñecer o traballo tras as bambolinas dun museo, concienciando da importancia de preservar o patrimonio cultural, como un ben de todos.

IV Edición Coleccionamos?

Proxecto colectivo e colaborativo de difusión dos fondos artísticos do Museo que non se atopan en exposición. Unha experiencia dirixida a todos os públicos interesados en participar nun espazo para coñecer, reflexionar e disfrutar coa arte e o patrimonio. Nesta edición xiraremos arredor da idea de reflexión planteada polo DIM. Segue o evento no facebook

MUSEO DAS PEREGRINACIONS E DE SANTIAGO

Xornada de Portas Abertas

Xoves 18 de maio. Acceso ao Museo de balde

Concerto de Kentokaki, Música klezmer + Degustación de doces hebreos

Xoves 18 de maio/ Ás 19:00 h/ Entrada libre para todos os públicos

O grupo musical Kentokaki, —cuarteto composto por clarinete, guitarra, baixo e batería— interpretará temas propios da música klezmer, un dos xéneros musicais tradicionais dos xudeus asquenazíes, achegándonos as manifestacións máis recentes da música tradicional hebrea. Despois do concerto, haberá unha degustación de doces hebreos.

Obradoiro danzas tradicionais do mundo

Venres 19 de maio/ Ás 18:30 h/ Imparte: Pilar Conde Duración: 1 h/ Gratuíto, para todos os públicos con inscrición previa no tel. 881 913 055. A danza é unha das manifestacións da cultura popular máis antigas que existen. Danzas europeas, hebreas, árabes... servirán para facer unha sinxela e particular inmersión nas súas respectivas culturas.

Camiños e contos da tradición popular. Celso Fernández Sanmartín

Venres 19 de maio/ Ás 20:00 h/ Entrada libre para todos os públicos

Os contos viaxan e percorren camiños e traspasan fronteiras conectando culturas. O narrador galego Celso Fernández Sanmartín, nese constante peregrinar polos camiños da tradición popular cóvrtese nesta ocasión en mediador entre culturas, revelando segredos e amosando metáforas que o público tratará de desvelar.

Suleiman e Salúa, por Ali Ali + Degustación de doces árabes

Sábado 20 de maio/ Ás 18:00 h/ Entrada libre para todos os públicos

O artista Ali Ali contarános unha historia cargada da maxia oriental que nos remite á súa infancia vivida en Siria. Tamén desfrutaremos das súas ilustracións tendo a posibilidade de contar cun dos orixinais. Como colofón unha degustación de doces típicos elaborados por Muna Doueihí, cocifeira de orixe libia, que explicará a composición das receitas e os modos de elaboración.

MUPEGA

Exposición Temporal: Educación e Debate Do venres 12 ao sábado 27 de maio/ **Entrada libre** A exposición mostra un conxunto de pezas dos fondos do MUPEGA para

chamar a reflexión sobre determinados temas cargados de controversia como son: o galego na escola, as leis educativas, a preferencia por un ensino memorístico ou intuitivo e a oposición entre o creacionismo e evolucionismo

Roteiro Camiñando entre a Controversia Do venres 5 ao mércores 31 de maio/ **Entrada Libre** .Proposta de percorrido para visitas individuais a través de diferentes pezas que permiten unha reflexión sobre as distintas controversias na Historia da Educación.

Xornadas de portas abertas Xoves 18 e venres 19 de maio/ Ás 12:00 h/ Previa cita no correo electrónico/ **Entrada libre** O MUPEGA abrirá as súas portas para ofrecer visitas guiadas a aquelas persoas interesadas en coñecer máis en profundidade os recunchos educativos agochados neste espazo, unha viaxe ó pasado da escola galega..

MUSEO CATEDRAL

Xornada de portas abertas

Xoves 18 de maio/ De 9:00 a 20:00 h. Entrada de balde á colección permanente do museo

Visitas guiadas á colección permanente*

Xoves 18 de maio/ 13:00 e 18:30 h/ Actividade de balde

Días 15, 16, 17 e 19 de maio: 18:30 h/ **Entrada xeral: 6 € / Reducida: 4 € / Menores de 12 anos: de balde*** Lugar de encontro: porta do museo (Praza do Obradoiro)/ Duración: 1 hora/ Prazas: 20 (por estrita orde de chegada)

MUSEO CASA DE LA TROYA

Xornada de portas abertas

Xoves 18 de maio/ **Entrada de balde** Visitas guiadas, duración aproximada: 20 min.

Roteiro pola Compostela da Casa de la Troia

Xoves 18 de maio/ Ás 20:30 h/ **Actividade de balde** Partirá da estatua de Rosalía de Castro, na Alameda. Duración aproximada: 1 h 30 min.

Visitas dramatizada ao Museo Casa de la Troia

Venres 19 de maio/ **Ás 20:30 h** Partirá da Praza do Toural ata chegar á Casa de la Troia, e inclúe visita ao museo. Duración aproximada: 1 h 30 min. 15 prazas previa inscrición no tel. 981 58 51 59 (a partir do 17 de maio) A inscrición terá un prezo especial de 1€ por persoa.